

# Nomes de noso

---

## *Os saberes dunha estirpe*

---

 XOSÉ RAMÓN PENA

---

Se o lector non avisado repara apenas no título da obra –*Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*– interpretará que está diante, por dicilo dalgún xeito, dun libro “técnico”; isto é, procurará nas súas páxinas unha explicación satisfactoria para as dúbidas, inquietudes, matices... que lle puidesen xurdir, nun momento dado, arredor do seu propio nome e apelidos ou desoutros dalgún familiar, amigo, coñecido... Mesmo cabe que busque resposta para as pequenas disputas filolóxicas, os amigables coloquios lingüísticos... en fin, para iso que poderíamos definir, dalgún xeito, como “todo o que Vde. quixo saber algunha vez arredor dos nomes e apelidos galegos e nunca soubo onde acudir na procura da información precisa”.

Mais se ese mesmo lector coñece, sequera no máis elemental, o espazo da cultura galega, -e, singularmente, das letras escritas no noso idioma- e se repara aínda nosoutros nome e apelidos do autor do presente volume, daquela terá conciencia de que, á forza, as páxinas do libro que vén de publicar Edicións Xerais, e que traemos ao noso suplemento cultural, conteñen máis, moito máis.

Resultaría un exercicio de estéril pretenciosidade pretender descubrir agora a figura e mais a obra de Xosé Luís Méndez Ferrín. Abonde con repetirmos –iso si, con profunda convición- que estamos diante da figura máis destacada da literatura galega que nos é contemporánea; un autor imprescindible para comprender as letras galegas e aínda o conxunto global da cultura realizada no noso idioma. Se alguén reclamou algunha vez toda unha historia da literatura para Fernando Pessoa, temos o dereito –e o deber- de acadarmos o mesmo con respecto a Ferrín.

De todo o anterior é doado deducir o que segue: non estamos perante un mero produto “técnico” –que si o estamos; é dicir, a información que nos fornecen as páxinas do *Consultorio* é absolutamente rigorosa, fiable, de enorme altura como corresponde a alguén que atinxiu a máis elevada especialización no eido da Filoloxía-. Mais estamos, porén, diante dunha caixa máxica, perante dunha porta a dar paso aos mil e un maravillosos camiños que percorren a nosa estirpe. Tan só alguén que é dono absoluto dos saberes; apenas quen posúe os segredos e mais as claves, aquel que é capaz de disfrutar –e de nos facer disfrutar ao tempo- do labre das palabras acesas... tan só ese alguén pode estar en posesión do chaveiro que contén todas as chaves. Porque detrás de cada nome e de cada apelido abrolla unha historia para coñecer, para reflexionar, para amar... cómpre ler este volume que asina mestre Ferrín. De veras, unha epifanía dos saberes da estirpe.

---

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís, *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 438 páxinas.

